



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro, 1
36995-Poio (Pontevedra)

MC

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA NÚMERO CATROCENTOS CINCO REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SETE DE MAIO DE DOUS MIL OITO.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta cinco minutos do día vinte e sete de maio de dous mil oito, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e con asistencia dos/as Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D^a. Luz Senra Lorenzo, D. Xosé Luis Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D. Francisco Piñeiro Murillo, D. Miguel Anxo Pazos Barros, D. Javier Domínguez Lino, D^a Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Ángel Moldes Martínez, D. Miguel Ángel Martínez Nacemento, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. María Consuelo Besada Lores, D. Gregorio Luís Agís Gómez e D^a. Rosa Fernández González; escusa a non asistencia D^a. Irene Liger Iglesias. Asiste como Secretaria a da Corporación D^a. Paula Ramos Díaz e D^a. Olga Fernández Rodríguez en calidade de interventora municipal; reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados/as en tempo e forma. Pola presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na orde do día.

3118.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR DO 29 DE ABRIL DE 2008.- Dáse conta da acta anterior do 29 de abril solicitándose polo Sra. Díaz Iglesias a seguinte rectificación: na páxina 32 onde di "(...)cando todos sabemos que non son galego falantes" debe dicir "(...) cando todos sabemos que son os galego falantes"; previa rectificación esta quedou aprobada por unanimidade.

3119.- ESTADO DE EXECUCIÓN DE ACORDOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria dáse conta do estado de execución de acordos precedentes e que son os que seguen: "3110.- RATIFICACIÓN DO ACORDO NUM. 5047 DA XGL DO 07/04/2008 SOBRE RESOLUCIÓN EXPED. CONTRADITORIO INCIDENCIA NO CÁLCULO DE ESTRUTURAS, EXPED. DE CONTRATACIÓN CASA CULTURA DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse aos directores de obra M+2E; 3111.- ACORDOS ADOPTADOS POLA MESA DE NEGOCIACIÓN DO CONCELLO DE POIO DE DATAS 5 DE MARZO E 3 DE ABRIL DE 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á intervención e tesourería municipal; 3112.- DESAFECTACIÓN USO ESCOLAR DA ESCOLA DO CAMPO DE

COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; 3113.- RATIFICACIÓN ACORDO NUM. 5029 DA XGL DO 07/04/2008 SOBRE ADOPCIÓN DO COMPROMISO DE IMPLANTAR O SERVIZO DE PROTECCIÓN CIVIL.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3114.- PROPOSTA INICIO RESOLUCIÓN EXPED. CONTRATACIÓN CASA DE CULTURA DE RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos directores de obra M+2E, Proinsa, Iberaval e ACC; 3115.- SERVIZOS SOCIAIS, RATIFICACIÓN ACORDO NUM. 5116 DA XGL DO 21/04/2008 SOBRE SOLICITUDE DO PLAN CONCERTADO 2008.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Vicepresidencia da Igualdade e Benestar; 3116.- MOCIÓN DO GRUPO BNG "POLO DEREITO A VIVIRMOS EN GALEGO".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3117.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE E DA CONCELLEIRA DE BENESTAR SOCIAL SOBRE O REALOXAMENTO DO BAO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente."

A corporación dáse por enterada.

3120.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola secretaria dáse conta das resolucións da alcaldía desde o último pleno ordinario; esta dáse por enterada.

3121.- APROBACIÓN MODIFICACIÓN RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO CON EFECTOS RETROACTIVOS A 01/01/2008.- Pola secretaria dáse conta da proposta da concelleira delegada de persoal de data 13/05/2008 que di textualmente: "no acordo 3102 adoptado polo Pleno deste Concello na sesión realizada o 25 de marzo de 2008, acordouse a subida dos seguintes niveis, para os funcionarios/as que se detallan a seguir:

NOME TRABALLADOR	SITUACIÓN ACTUAL		PROMOCIÓN 2008	
	GRUPO	NIVEL	GRUPO	NIVEL
BENITO ESPERÓN VILLANUEVA	D	16	D	18
CÁNDIDO SABARIS COUSELO	D	15	D	17
MANUEL ARGIBAY SOTO	D	14	D	16
EDMUNDO NORES FERNÁNDEZ	D	15	D	17
JOSE ESPERÓN VILLANUEVA	D	14	D	16
MANUEL ROMAY AMORÍN	D	14	D	16
JOSE TORRES CARBALLA	D	14	D	16
FRANCISCO DE LA FUENTE C.	D	15	D	17
FAUSTINO UCHA ALVARIÑAS	D	14	D	16
MANUEL ESPERÓN BUCETA	D	14	D	16
MANUEL SANTIAGO NÚÑEZ	D	14	D	16
J. ANTONIO RODIÑO PADIN	D	14	D	16
RAIMUNDO ALBAR ALBAR	D	14	D	16
AVELINO RODIÑO PADIN	D	16	D	18

J. ANTONIO LIGERO ABILLEIRA	D	16	D	18
JAIME MARTÍNEZ RIAL	D	16	D	18
JUAN JOSE MOLDES TILVE	D	14	D	18
ADONIS PÉREZ ABILLEIRA	D	15	D	17
MARCELINO CASAS CARBALLA	D	14	D	16
FRANCISCO MARTINEZ VÁZQUEZ	D	14	D	16
JESUSA FRAGA CARBALLA	E	13	E	14
JESUSA VILLANUEVA UCHA	E	13	E	14
M ^a TERESA CALVO PÉREZ	D	16	D	18
M ^a JESÚS POUSSADA VICENTE	D	16	D	18
M ^a LUZ MOSTEIRO BERMUDEZ	D	16	D	18
DAVID VÁZQUEZ SALGADO	D	14	D	16
PEDRO ANTEPAZO BRUN	D	14	D	16

Coa aprobación dos niveis anteditos non se adoptou polo Pleno da Corporación o acordo de modificar a actual relación de postos de traballo que foi aprobada na sesión do 26 de febreiro de 2008, xunto coa aprobación definitiva do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2008. Sendo necesaria a aprobación da modificación da RPT. PROPONSE, a aprobación da modificación da Relación de Postos de Traballo con efectos retroactivos a 1 de xaneiro de 2008."

Dáse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda de data 20/05/2008 e que di o que segue:

"Dáse conta da proposta presentada por D^a Consuelo Besada Lores, Concelleira-Delegada de Persoal, de data 13 de maio de 2008 sobre subida de niveis que se aprobaron no acordo 3102 adoptado polo Pleno deste Concello en sesión realizada o 25 de marzo de 2008 con efectos retroactivos a 1 de xaneiro de 2008.

A Comisión por unanimidade dictaminou favorablemente dito asunto e propón ó Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

A corporación por unanimidade acordou aprobar a modificación da Relación de Postos de Traballo nos termos que se indican na proposta da concelleira de persoal, con efectos retroactivos a 1 de xaneiro de 2008.

3122.- PLAN DE SANEAMENTO FINANCEIRO DO CONCELLO DE POIO.- Pola secretaria dáse conta do expediente tramitado co motivo da confección dun plan de saneamento financeiro que o Concello de Poio ven obrigado a elaborar en virtude do incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria na aprobación do orzamento do vixente exercicio 2008.

Dáse conta igualmente do ditame da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20/05/2008 e que di o seguinte: "Dáse conta da proposta da alcaldía de data 5 de maio de 2008 sobre a necesidade deste Concello de acudir ao endebedamento para afrontar os distintos proxectos de inversión que aparecen

reflectidos no anexo de investimentos no orzamento do presente exercicio 2008, dado a relevancia dalgúns destes investimentos como son o proxecto Poio Dixital, a creación dun telecentro, a rehabilitación do Centro de Servizos Sociais, importantes investimentos en saneamento e pavimentacións así como en instalacións deportivas ou a adquisición de novos vehículos para o servizo de vías e obras e a necesidade doutros investimentos co fin de axilizar e mellorar os distintos servizos municipais.

Cabe mencionar que todo plan de saneamento financeiro ten como obxectivo incrementar ingresos e diminuír gastos, coa intención de xerar exceso de ingresos sobre gastos que constitúa amparo suficiente para enxugar o desequilibrio do que se parte.

O Sr. Domínguez Lino di que desde o Partido Popular nos alegamos de que por fin o equipo de goberno nos plantexa un plan de saneamento financeiro que pedimos xa hai anos.

Con respecto aos gastos vemos que en moitos deles recolléronse peticións do Partido Popular reclamadas desde hai anos, pero entendemos que se quedan curtos, é máis, anunciamos que o Partido Popular presentará máis posibles reducións de gastos.

Estamos, a pesar de que algúns non o queren recoñecer, ante unha crise económica moi importante e que por suposto vai afectar tremendamente nos ingresos dos Concellos (vía urbanismo) por eso estráñanos neste plan de saneamento, en relación ao capítulo II de impostos indirectos, e sobre todo no imposto sobre construcións, instalacións e obras, ningún comentario ao respecto.

Por último desde o Partido Popular xa se lles pediu que vaian tomando medidas con relación ao orzamento neste concepto de 950.000 euros para este ano dubido que cheguemos a el e con maior problema será posible cara o ano que vese chegar a estas cifras.

Por todo isto absterémonos ata o pleno.

O Sr. Barreiro Lubián contéstalle que lle pode anunciar que é para o ano que ven que se poda liquidar o Capítulo II, a cousa non está tan mal evidentemente.

A Comisión por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningún voto en contra e 4 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente o asunto e propor ao Pleno a súa aprobación e que se sigan os trámites legais procedentes."

O Sr. Barreiro Lubián di que é unha obriga que establece a Lei de estabilidade orzamentaria que prevé que os préstamos se deben pedir por importe inferior ao que se amortiza e como iso non se cumpre elaborouse o plan de saneamento. Enumera a redución de gasto: capítulo 1 e 2 e a redución máis importante é o capítulo 6 (investimentos). Os ingresos incrementan o capítulo 1, plusvalías, IVTM, capítulo 2 taxas así como venda de parcelas en rúa Valiña (capítulo 6). A situación é perfectamente controlada e está dentro dos parámetros establecidos pola normativa.

O Sr. Domínguez Lino di que o PP ven denunciando esta situación desde hai anos e máis vale tarde que nunca. O problema é que pode ser demasiado tarde. Alegrámonos que dunha vez por todas

o equipo de goberno como o tivera que facer nos últimos anos e así llo esiximos que nos presentase un plan de saneamento financeiro. En vez de aplicalo chamábanos catastrofistas e alarmistas, o tempo dá e quita razóns e pon a cada un no seu sitio.

Esperamos e desexamos que non sexa tarde, pero a situación económica do concello é crítica e mala, a planificación económica dos últimos anos foi desastrosa e que vemos que dunha vez por todas a queren corrixir.

Desde o PP imos a presentar máis propostas de redución de gastos, xa que as que nos presenta este equipo de goberno parécennos escasas ante a crise económica que estamos a sufrir e que lles aseguro, por desgracia, que aínda vai ir peor. E teremos que tomar medidas urxentes como repito, non cheguemos tarde.

Confórtanos que se pretenda disminuir os gastos de horas extraordinarias (cousa que estamos a denunciar desde hai anos) existe persoal que todos os anos realiza máis de 800 horas extraordinarias cando a lei permite soamente a realización de 80 e que no ano 2007, por exemplo, estas horas costaron máis de 150000€. Hai que facer unha restruturación de persoal urxente. Alégranos que por fin recoñezan que se poden reducir gastos en festexos, en atencións protocolarias e en reparacións de vehículos. Entendemos que os 50000 € que pretenden aforrar poderían elevarse cunha xestión máis eficaz. Non olvidemos que nos últimos anos gastamos en facturas extraxudiciais máis de 800000 € (e moitas delas pertencentes á Festa do Mar) en reparacións de vehículos gastamos anualmente máis de 80000-90000 €. Son importes invisibles nestes momentos que non se poden resistir. Recoñecen por fin que existen partidas que se destinaban todos os anos a obras que non se realizaban e que pedíamos préstamos bancarios para isto. Nos últimos anos, entre a Casa de Cultura e a praza da Granxa, obras que por certo aínda non finalizaron e non pagamos; repito endebedámonos en máis de 1200000 €. Isto está a supoñer o pagamento duns 150000 € ao ano en intereses de préstamos por un diñeiro que non utilizamos. Aquí unha mostra máis das nosas denuncias anuais da nula planificación económica, e así poderíamos seguir denunciando a desastrosa política económica destes últimos anos.

En canto aos ingresos, xa llo dixeron nos dous últimos anos en plena época de crecemento, que vía plusvalías se estaba recaudando moi pouco, cos movementos da compra-venta que se realizaban en Poio. O problema é que se acordan de levar un control maior dos ingresos das plusvalías, xusto en épocas de crise, xusto cando existen menos posibles ingresos. Outra nefasta e tardía actuación.

En canto a taxas e outros ingresos non podemos aceptar que sempre paguen os veciños as súas nefastas políticas económicas. Non poden propoñer que como "mínimo" as taxas suban ao IPC interanual. O PP neste caso apoiará se se cambia a expresión do mínimo por máximo, que como máximo se incrementa as taxas a nivel

do IPC interanual. Os últimos anos xa temos sufrido a súa política económica do endebedamento (recórdolles que nos últimos catro anos máis de 6 millóns de euros) e a subida de taxas e impostos por enriba do IPC. Por certo débeda que nos fará pagar no ano 2009 máis dun millón de € anuais en intereses e amortización, é dicir, máis de 166 millóns das antigas pesetas solo repito entre intereses e amortizacións.

Polo tanto Sres do BNG e do PSOE propoñémoslle estes cambios no seu plan de saneamento e para que poidamos apoiar invitámoslos a que incorporen as nosas propostas da redución de gastos que lles propoñemos a continuación e que son:

- desestimar a intención de facer un parque da memoria histórica da que xa temos orzamentado 140 mil € para un monumento (dos que 110 mil € tamén foron de endebedamento). Entendendo desde este grupo municipal que non estamos nestes momentos para gastarnos 150 mil € nun monumento.

- pechar a radio municipal, xa denunciámos o despilfarro de gastarse máis de 70 mil € en material e maquinaria para a construción da radio municipal. En pleno século XXI 3 xornais que como mínimo tratan unha folla diaria de Poio e todas as radios convencionais con novas todos os días sobre acontecementos de Poio. Entendemos que todos os veciños están enterados diariamente e sen censura de ningún tipo sobre todo o que ocorre en Poio. A este gasto temos que añaírlle os 15000 € anuais que nos costa como mínimo ao mantemento da radio. O material e maquinaria son case novo polo tanto pódense conseguir case os que nos gastamos (70000) e aforramos os 15000 € mínimos anuais de mantemento.

- a venta das casas compradas coa Xunta de Galicia. Despois da demostración da súa nefasta, oculta e enganosa xestión dos realoxos, que nos fai estar enfrontados aos veciños de dous lugares como Pontevedra e Pontecaldelas, ademais dos veciños de Poio, creo que é necesario e posible dar marcha atrás a todos os realoxamentos, como llo pedimos desde o PP e recuperar os máis de 300.000 € que nos levamos gastados neste conflito.

- o soldo da alcaldía con este novo bipartito duplicouse.

- outro punto onde podemos aforrar 30.000 € anuais é non renovando ao asesor xurídico do Concello. Ademais nestes momentos coa praza de secretaria de carácter estatal xa cuberta desde hai un ano vemos innecesario o asesoramento.

- redución en 150000 € gastos innecesarios que se gastan en cursos de maíos, teatros, concursos de gaitas (que son un fracaso) e facturas extraxudiciais.

E para finalizar, redución en 100000 € os gastos en festas.

Estas propostas que presentamos suman máis de 800000 € que facilmente son posibles sen moito esforzo.

Pedímoslles e exisimos unha xestión dos nosos gastos moito máis efectiva e eficaz.

Os tempos de caciquismo, o parcheo diario, o regalo de material a cambio de votos tense que acabar dunha vez por todas. Poio necesita xestores profesionais, xestores que teñan capacidade, coñecementos e forza para plantexar ante outras administracións e conseguir investimentos importantes para Poio. Non poden quedarse nos seus despachos (Sr. Sobral Sra. Besada) a recibir á xente, darlle abrazos e bicos cos seus sorrisos. Poio en pleno século XXI necesita outro tipo de xestores políticos e desde logo vostedes xa nos demostraron nos seus 13 anos, un agora e os seus cinco anos son incapaces de facelo.

Escoiten dunha vez as propostas do PP e se queren ter o noso apoio ao plan de saneamento que nos presenten incorporar tamén as nosas propostas e terán o noso apoio.

O Sr. Martínez Blanco contesta que o que plantexa é a parálise total do Concello. Se fixeramos o que pretendedes seguro que estaríamos sentados ahí. Non se poden dar cifras falsas. Compramos o equipo da radio en 20000 € e quérelo vender en 70000 €, desde logo eres un mago das finanzas.

O parque da memoria non ven sendo máis que arranxar un espazo vital para o concello como arranxar un parque e sinxelamente leva o nome de Pérez Esquivel ou acaso ten algo en contra do premio nobel.

Vostedes eran os primeiros que estaban en contra do realoxamento, estaban a favor da dispersión.

Sobre rebaixar o gasto de festexos. Aquí tróuxose unha proposta das festas de San Xoán e foi aprobada por todos os grupos políticos incluso por vostedes, no ano 2004 gastouse moi pouco nas festas de San Xoán e cando terminaron vostedes puxéronnos verdes na prensa.

O PP quere conseguir a parálise total do concello para despois gobernar eles pero grazas a que aquí hai vos xestores iso non vai pasar e tamén hai moi bos xestores na xunta.

Non so facemos boas festas senón que levamos moitas actividades a outras zonas do concello.

A Sra. Besada Lores di que o Sr. Domínguez nomeou reducións de horas extras, reparacións de vehículos, etc.

Este ano baixáronse esas partidas nos orzamentos e vanse a comprar vehículos para reducir as reparacións.

O custo de mantemento da radio é pouco e é un medio máis para os veciños se queren oír as cousas de Poio e ás veces serven para desmentir o que ás veces sae na prensa.

Con respecto ao meu soldo e máis o do alcalde non supera algún soldo de alcaldes do PP (PE alcaldesa de Sanxenxo).

Os parques e xardíns bonitos é un pracer para os nosos veciños de ver os seus xardíns tan bonitos.

Estou contenta de tratar aos veciños con bicos e abrazos, se o mundo enteiro dese bicos e abrazos evitaríanse as guerras. Practique vostede Sr. Domínguez en dar bicos e abrazos. Sacou na prensa unha malversación de fondos, se malversar fondos é

axudar cunha pala para que os veciños teñan unha traída de auga pois seguramente seguiremos malversando porque o PSOE está xestionando para que os veciños teñan auga e saneamento que cando gobernaban vostedes non sabían o que era.

A memoria ao PP escócelle e por iso critican o parque da memoria e é importante que se fale e se manteña a memoria no pobo español e no mundo enteiro.

O Sr. Barreiro Lubián di que antes citou as cifras porque realmente son ridículas, baixar 80000 € en persoal non é unha redución en si e o capítulo 2 coa rebaixa queda practicamente como está, son reducións pequenas e incrementos de ingresos pequenos. Vostedes son catastrofistas desde sempre. Desde hai 12 anos os orzamentos evolucionaron enormemente, hai máis endebedamento pero hai moitos recursos e vostedes dedícanse a dicir cousas en sentido e eu non creo que sexa desinformación porque sabe o que di e dío con mala fe e con mentiras.

Vostedes que anuncian unha redución terrible din que se baixan as horas extras pero significan en dar servizos aos veciños e é a que vostedes tratan de anular.

Aquí tendes o Concello de Poio, non faría festas, agora págaas o concello e dá axudas para as festas das parroquias e logo están as festas gastronómicas que teñen un certo atractivo turístico e animan á xente a pasarse por Poio.

Non ano 94 os soldos pagábanse con 25 días de retraso e agora iso non pasa. As reparacións de vehículos son moitas pero os coches hai que arranxalos porque tamén hai moitos vehículos. Cando se pretende facer unha obra, unha administración pública ten que ter os cartos primeiro e despois ten que contratar a obra e se hai que pedir os cartos para a praza da Granxa e a obra de Raxó pídense, podemos dicir que non se poñan plantas nas rotondas pero se o concello pode asumir eses gastos sen abandonar eses servizos básicos que medraron radicalmente, o saneamento chega ao 80% dos habitantes. O alumado é mellor aquí que nalgunhas zonas do centro de Vigo e sen embargo propoñen reducir na Reiboia, por favor, na Reiboia lévase gastado moito e o Parque da Memoria forma parte do parque da Reiboia.

Hai medidas tan demagóxicas como vender as casas que se compraron cunha subvención do 80% e vostedes pretenden vendelas, pero non comprenden que iso é unha prevaricación.

Sobre o asesor xurídico, ao mellor o concello podería pasar sen o persoal que ten o que pasa é que os expedientes tardarían seis meses en tramitarse.

En cambio a suba dos ingresos, auga e saneamento está por debaixo do IPC nos últimos anos e o lixo está por enriba do IPC porque non existía tratamento de lixo e tirábase na Seca ou en Combarro e non ocasionaba gastos.

Hai 12 anos o PP dicía que o endebedemento era galopante e o que o dixo hoxe politicamente está acabado e seguramente a vostede podería pasarlle o mesmo.

O Sr. Domínguez Lino di que reducir gastos de festas, radio, Parque da Memoria iso non paraliza o Concello e ningún compoñente do PP foi invitado á radio municipal.

Felicitar á Sra. Besada polo seu discurso melancólico, todos vivimos en democracia.

No ano 2002 o anexo de investimentos da radio eran 24.000 €, no 2004 19808 e no 2005 110000 €.

Sobre o tema da Ucha o PP en ningún momento se opuxo á traida. Na comisión de urbanismo preguntamos que facía a pala na Ucha e a concelleira mentiu e dixo que estaba a limpar un pozo. Non estamos en contra da traida pero queremos que sexa para todos os veciños da Ucha.

O Sr. Alcalde explica aos veciños da Ucha, presentes na sesión, que o regulamento orgánico non permite intervir aos veciños agás se o piden por escrito pero como iso non se fixo así, pediría que esperaran ao final do pleno.

O Sr. Domínguez Lino di que o PP ten a obriga de controlar e fiscalizar o que fai o equipo de goberno e alegrámonos que agora sexan 14 veciños os que teñan augas nas casas.

Sobre a venta das casas a proposta saliu do alcalde que dixo que pretende vender o 20% das vivendas e non é un absurdo vendelo se xa ten o 80%.

A situación do 95 coa situación de agora non ten comparación en canto a ingresos e gastos como aos servizos que prestaba e presta agora. Estamos de acordo no tema da democracia. En canto ao campo de herba, foi financiado polo PP.

O Sr. Moldes Martínez pregunta á Sra. Besada se sabe canto costa o traslado e a peza do parque da memoria.

Sobre as festas, dicir que o ano pasado suspendeuse un concerto de Marta Sánchez e non se sabe se as vai cobrar ou non.

Sobre as festas antes faciannas os veciños, dixo Xulio, e agora fainas o concello eu penso que iso repercútelles aos veciños.

As rotondas, cando entrastes había unha empresa privada que eliminastes e agora solo hai empregados do concello.

Sobre as festas de interese turístico de momento denegouse. Denegan máis subvencións da Xunta de Galicia actual das que denegaba o goberno sa xunta do PP. A comisión de Cultura aprobou as festas por entender que eran uns prezos moi bos.

A calquera veciño de Poio lle gustaría ter a metade dos servizos que teñen os veciños de Sanxenxo.

Sobre a auga da Ucha hai un total descoñecemento por parte do PSOE porque nunca informaron correctamente sobre o que estaba a facer a pala municipal o sábado. Uns veciños viñeron a nós e dixéronnos que querían auga e non lla dan, fomos ver a situación e miramos que non se estaba limpando ningún pozo e non tiña nada que ver e o concello tiña que facelo público. Nos queremos que se solucione a traida de augas a todos os veciños da

Ucha e se entramos en detalles podemos ver que a situación non é ningunha catástrofe pero temos que medila moi ben porque pode traer problemas ao concello.

O Sr. Martínez Blanco di que moitas veces póñense cousas no orzamento e que non se executan por non encontrar as persoas idóneas para que saíran o máis económico para o concello e non pode sair vostede a dicir que se gastan 70000 €, eu teño o informe da intervención.

Aquí fíxose un seguro dun concerto, o que alega a compañía para intentar escapar é que non chovía o suficiente, hai un parte metereolóxico o que se agarra a compañía de seguros e están seguros de que o imos a recuperar. Temos que recordar que o mesmo día suspenderonse concertos moi importantes. Eu recordo un concerto da Xunta de Galicia (do PP) que hai anos costou 70000000 ptas. e suspendérono e non recuperaron os cartos.

Sobre as subvencións non me digas iso e parecía que iba a moitas consellerías a pedir limosna, agora costaranos máis ou menos, pero temos o que teríamos que ter e con igualdade para todos, antes costaba un montón que nos recibiran nunha consellería.

Para a festa do mar antes dábannos 0 e agora 30000 € pero non é que antes non deran axudas porque a Festa do Albariño de Cambados sempre tivo subvención e a nos nunca nos subvencionaron.

A declaración de interese turístico, da Festa do Mar está recorrida, e a Festa da Ameixa tamén o temos alegado poque din que hai outra festa da ameixa en Carril.

A xente de Poio está orgullosa coas festas que organiza o concello. Coa Festa da Ameixa estamos defendendo o traballo de cento de mariscadores/as que viven diso e ademais do interese turístico que conleva.

O Sr. Alcalde di que se está a entrar nun debate moi fora do que se está a tratar e pediría que se centrara no tema que tratamos para dar por terminado o punto.

A Sra. Besada Lores contesta ao Sr. Domínguez de que non foi invitado á radio Poio, pero a persoa que a leva seguro que non terá ningún inconveniente en invitalo.

Sobre o discurso melancólico é vostede o que fala sempre de bicos e abrazos e nesta ocasión considerei contestar.

Sobre a Ucha eu contestei que era para unha traida de augas para os veciños.

A Sra. Nieto García e o Sr. Villaverde Méndez din que é mentira.

O Sr. Barreiro Lubián di que sobre as vivendas, o 20% non é unha participación, o concello ten a propiedade do 100% e isto non é unha sociedade.

Sobre o saneamento que antes valía 1000 ptas. ía directamente ao mar onde o había porque noutras partes non existía (Muiño, Liñares, Ucha, San Martiño, Raxó) había un pequeno ramal

en Campelo, Combarro e A Caeira.

Con bo criterio pedíronse préstamos e fixéronse saneamentos.

Sobre os gastos da reparación do Land Rover ao mellor non é tanto, porque gastar 10000 € nun Land Rover non é moito porque dura máis de 20 anos.

Sobre a empresa privada de xardinería non houbo ningunha e debías dicir quen é.

Deberías poñerte de acordo co Sr. Domínguez sobre se a situación do concello é catastrófica ou non (referíndose ao Sr. Moldes Martínez).

O Sr. Domínguez Lino pregunta se cautela é conseguir un superávit a base de endebedamento. Non é cautela. Dixen que o propietario é o 20% o concello.

Se xardin's non traballou para o concello que o diga o alcalde.

O Sr. Alcalde di que o concello contrata con empresas de xardins ou outras empresas cando ten necesidade.

Sobre o parque da Memoria creo que o que molesta aquí é o nome, a iniciativa é do Premio Nobel da Paz e leva consigo o arranxo de todo o parque da Reiboia e teño que agradecer a aportación da deputación na colaboración a través da Escola de Canteiros e tamén hai compromiso de colaboración da xunta. E pretendemos converter o espazo da zona da Seca nun espazo interesante para Poio e que non sexa como antes un sitio esquecido.

O PP ten que cuestionar este parque por cuestións ideolóxicas. Tamén é lamentable que se critique a radio municipal de Poio. As emisoras importantes naceron a partir das emisoras locais de radio, nos apostamos porque a nosa teña un crecemento importante.

O noso grupo aposta por potenciar a radio Poio, aposta por rematar a obra do Parque da Memoria e realizar actividades culturais con maior ou menor acerto.

Sobre o tema que entrou no debate sobre a traida da Ucha o noso deber é continuar o Pleno.

Sometido a votación o ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, sobre a aprobación do Plan de Saneamento do Concello este quedou aprobado con 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 6 votos en contra (6 PP); que se someta a publicidade mediante a publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia e Taboleiro de anuncios e que se comunique este acordo á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro xunto cunha copia do Plan financeiro.

3123.- SOLICITUDE ADHESIÓN Á MARCHA CONTRA CELULOSAS O 14/06/2008, DE ANTÓN MASA PRESIDENTE DO APDR.- Dáse conta á corporación do escrito remitido por D. Antón Masa en calidade de presidente da Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra na que

solicita o apoio desta corporación á marcha contra celulosas que se realizará o 14 de xuño.

Dánse conta igualmente do ditame emitido pola Comisión de Facenda de data 20 de maio que di o seguinte: "Aínda que non foi aprobada a declaración de urxencia por 5 votos a favor do BNG e PSOE, ningunha abstención e 4 votos en contra do PP, o Sr. Presidente da Comisión da lectura do escrito do Presidente da Asociación pola Defensa da Ría (APDR) de data 13 de maio de 2008 solicitando apoio expreso á Marcha contra Celulosas a realizar o próximo día 14 de xuño e que sairá ás 20,15 horas desde as alamedas de Marín e Pontevedra para confluír diante da empresa pasteira referendado polo acordo plenario ou, no seu defecto, polo acordo de goberno municipal.

A Comisión dáse por enterada."

O Sr. Barreiro Lubián explica que o ADRP solicita todos os anos o apoio para a marcha e nos cremos que hai que trasladar e estamos de acordo en que se apoie.

A Sra. Besada Lores di que o PSOE tamén vai votar a favor porque está en contra da ubicación.

O Sr. Domínguez Lino di que lle sorprende a posición do PSOE xa que noutras ocasións defenderon a ubicación.

Un ano máis o BNG nos trae o manifesto da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra titulado "marcha contra celulosas". E outro anos máis o PP vai mostrar o seu desacordo co lema e manifesto.

Vólvenos a sorprender a hipocresía tanto da asociación como do BNG de Poio. Como di o manifesto e niso si estamos de acordo que: o desenvolvemento económico dos concellos da ría ten que basearse na posición racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, forestais e turísticos".

O que non podemos permitir e ahí é onde criticamos e denunciemos a demagogia do BNG e a APDR que sabendo que os propios concellos cos de Pontevedra, Marín e Poio que están contaminando a ría con vertidos incontrolados e no caso concreto de Poio con case dúas parroquias que verten directamente ao mar sen depurar. Non se manifestan contra os vertidos e concellos sorprendentemente a actitude do Sr. Sobral e dos seus compañeiros do BNG de Poio cando acoden ano tras ano a manifestarse contra celulosas, cando eles levan 13 anos gobernando o Concello de Poio e seguen permitindo vertidos incontrolados e como dixen antes que máis de 2000 veciños verten directamente ao mar.

Quero recordar ademais que unha das nosas fontes de riqueza e traballo de moitos veciños é o marisqueo e que como xa anticipou o PP no seu momento (e que se nos criticou) o banco marisqueiro de Placeres leva máis dun ano e medio pechado e clasificado como Zona C e non é precisamente pola contaminación de celulosas. Nestes momentos celulosas -Elnosa están a cumprir coa lei medioambiental e así a Xunta de Galicia da que forma parte o BNG acáballe de conceder unha autorización medioambiental por 3

anos máis. Entendemos que se a xunta concedeu esa nova autorización é porque cumpre coa lei. Repito Xunta de Galicia na que forma parte e por tanto demostráanos unha vez máis que goberna pola mañá e son oposición pola tarde. Podemos estar de acordo, desde o PP de que o lugar do complexo non é o máis adecuado, pero antes de dicir "celulosas peche xa", haberá que dar alternativas dunha instalación, dar alternativas para que non se perdan os postos de traballo (por certo nas épocas de crise como na que nos encontramos non podemos engordar as listaxes do paro).

Vostedes Sres. BNG e PSOE están gobernando a Xunta fixeron un pacto de goberno cuns temas de negociación de Ence-Elnosa. Non miren para outro lado, en 3 anos non fixeron ningunha proposta, o único que o BNG dixo e pedir o peche xa pero sen alternativas nin propostas.

Polo tanto desde o PP pedímoslle unha vez máis que en vez de manifestarse na rúa, manifestáanse nos despachos xestionando e buscando alternativas ao problema, agora xa non teñen desculpas.

O Sra. Besada Lores di que o Sr. Domínguez di un discurso demagóxico que aíí queda. A contaminación procede daquel goberno do PP que non preveu unha depuradora para recoller os residuos de Pontevedra, Marín e Poio, depuradora que xa está orzamentada e está a espera de que a Sra. Catalina se poña de acordo para os terreos onde vai pasar.

Sobre celulosas o PSOE está en contra da ubicación e mentras non se encontre outra ubicación concedéronse tres anos máis e é moi distinta a contaminación fecal ca a do mercurio e do cloro que está producindo celulosas.

O Sr. Barreiro Lubián di que hai unhas semanas os alcaldes de Coruña e Ferrol votaban as mans á cabeza cando se dixo que podería ir para alí celulosas. Eu entendo que os traballadores defenden os seus postos de traballo. A min non me fai falta un estudo para determinar que celulosas está moi mal ubicada.

O Concello de Pontevedra, Marín e Poio consumen a metade da auga que consume celulosas. O BNG sempre tivo a mesma postura sobre celulosas outra cousa foi a decisión que tomou a Consellería de Medio Ambiente que terá que explicar o que pide é o traslado.

O Sr. Pazos Barros di que cando se ataca ao sector marisqueiro que é suficientemente maduro e aquí cando se fala da contaminación da zona C, hai que dicir que esa zona está clasificada desde hai 15 anos e o PP adicouse a pedir moratorias e moratorias e non fixo ningunha obra para sanear a ría.

Desde que estamos en zona C conseguíuse un convenio para que os mariscadores/as poidan subsistir.

APDR pídelles ás confrarías o apoio para as manifestacións e os 3 patróns maiores, os mexilloeiros e as mariscadoras que queiran ir, as tres confrarías apoian a manifestación.

En canto á depuradora de Raxó, hai dúas parroquias que verten directamente pero afortunadamente a zona de Raxó está

calificada polas analíticas de zona B.

O Sr. Domínguez Lino di que esta é unha marcha contra celulosas. Un Alcalde das Pontes está esperando cos brazos abertos a celulosas e iso dío a prensa. 400 postos de traballo directos e moitos máis indirectos. Aquí ninguén atacou ao sector marisqueiro, defendémolo, vde dixo que se cubriría en menos dun ano, abriu e volveu a pechar, no seu momento poderíase pedir outra moratoria que vde. non apoiou.

O Sr. Agís Gómez di que están en contra de celulosas e apoiamos o traslado.

Agora están os proxectos da depuradora de Samieira e Raxó, gastáronse 1000000 € no arranxo do pozos de bombeo.

O PSOE está a favor de que se traslade celulosas e ten 3 anos para que sexa viable.

O Sr. Alcalde di que o goberno das Pontes é do PSOE e non do BNG.

Sometida a votación a aprobación do manifesto contra celulosas mediante unha manifestación a realizar o 14 de xuño este quedou aprobado con 10 votos a favor (7 BNG e 3 PSOE) e 6 votos en contra (6 PP). E que se comunique este acordo á Asociación Pola Defensa da Ría.

3124.- URBANISMO, MOCIÓN SOBRE A DERROGACIÓN DO DECRETO DAS NORMAS DO HÁBITAT GALEGO.- Pola Sra. Secretaria dáse conta da moción presentada polo Grupo Municipal do PP, con data 30 de abril de 2008, no que tras ampla exposición de motivos remata solicitando a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galicia para que derroque o actual Decreto das normas do hábitat galego co fin de elaborar outra norma que naza froito do consenso coas forzas políticas e sociais, as administracións locais, nomeadamente coa FEGAMP, e os sectores, empresariais e profesionais afectados, e que permita garantir unha mellor calidade de vida dos cidadáns e non dificulte o desenvolvemento urbano e urbanístico dos concellos galegos.

2º.- Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, á Consellería de Poítica Territorial, Obras Públicas e Transportes, á FEGAMP e ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.

Dándose conta igualmente, do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e que di o que segue: "Previa lectura e debate da moción presentada o día 30 de abril de 2008 co núm. 2330 do rexistro de entrada, por D. Javier Domínguez Lino voceiro do Grupo Municipal do PP, solicitando que se derroguen as normas do hábitat galego e sometida a votación dita moción, esta resulta:

Votos a favor da moción: 4, dos membros do PP

Votos en contra: 4, dos membros do BNG".

Abstencións: 2, membros do PSOE."

A Sra. Nieto García di que o Decreto 262/2007, polo que

se aproban as normas do hábitat galego, cuxo fin: mellorar a calidade das novas vivendas. O PP está de acordo en mellorar a calidade das vivendas porque significa mellorar a calidade de vida dos nosos veciños.

Estamos de acordo no obxectivo a alcanzar pero non na redacción actual da norma, porque conleva a prexuízos para os veciños e entendemos que este non é o momento para aprobar novas normas debido á situación económica.

O vicepresidente segundo do goberno e responsable de economía, Pedro Solves, admitiu estes días no Forum Nova Economía que os datos económicos pintan peor do esperado.

As últimas publicacións económicas presenta un crecemento do 1,6% para o 2º trimestre e anuncia un crecemento negativo para o 3º trimestre.

Non podemos obviar a importancia que o sector da construción ten na economía galega (medida na participación directa do sector PIB) é maior que no conxunto de España.

As ramas de construción e inmobiliaria supoñen na economía galega un 22% do valor engadido bruto segundo o IGE.

O centro de investigación económica e financeira da Fundación Caixa Galicia traza un negro escenario parcial conxunto do ano 2008; asegura un forte descenso na produción que o emprego inmobiliario; prevé unha caída no nº de vivendas visadas do 33%, alerta do impacto que tería o parón inmobiliario nun bo nº de ramas dos sectores secundarios e terciarios.

2º.- o Consello Consultivo de Galicia (órgano consultivo de carácter técnico xurídico, ten como último fin velar pola legalidade dos actos e disposicións administrativas entre outros) Ditame 784 e 990 (2007) informan negativamente a norma:

- por invadir competencias que non son propias da Consellería de Vivenda e Solo.

- a súa imprecisión e ambigüidade xenera inseguridade xurídica.

3º.- axentes implicados (colexios de arquitectos, de aparelladores,...) son contrarios ao texto.

4º.- a FEGAMP no seu informe tamén denuncia a invasión de competencias da administración local.

O Sr. Piñeiro Murillo contesta que se olvidan do argumento máis importante de que o hábitat vai redundar na calidade da vivenda dos habitantes e a xunta está dando un paso adiante en mellorar a calidade de vida, porque o que se está a facer en certo tipo de vivenda é unha auténtica trapallada e dos teus argumentos ningún é válido.

O Sr. Agís Gómez di que estas normas derrogan o decreto do hábitat de habitabilidade do ano 92, quizais poida ser criticable e mellorable é unha lei que ten aspectos interesantes e non se pode atribuir o baixón da construción á aplicación destas normas.

Todas as leis xeran debates e son criticables poderíamos

estar de acordo se propuxérades a modificación dalgún punto pero o que propoñedes non o aprobamos.

O Sr. Barreiro Lubián di que o obxectivo da norma é que as vivendas van ter maior calidade. Propóñense cuestións mínimas que debe cumprir cada vivenda e a min parécenme cuestións mínimas imprescindibles.

O decreto anterior permitía que as vivendas tiveran 26 m² e hai unha cuestión fundamental e é que os prezos os marca o mercado. Os constructores van gañar menos e o fin da norma de mellorar a calidade da vivenda paréceme ben e se as normas son boas hai que aprobalas sen ter en conta a actual situación económica.

A Sra. Nieto García di que o PP non está en contra da mellora da calidade de vida dos veciños, pero son unhas normas que crean moita inseguridade e estimar un encarecemento do 30% das vivendas e é o que nos preocupa.

O Sr. Barreiro Lubián di que ata agora as vivendas subían todos os anos un 20 e 30% e non era por culpa destas normas. E estou convencido de que non van a subir as vivendas.

O Sr. Piñeiro Murillo di que o código técnico según vós esta en vigor e está recorrido en todas partes.

Sometida a votación a aprobación da moción presentada polo PP sobre a derogación do decreto do hábitat galego esta quedou denegada con 6 votos a favor (6 PP) e 10 votos en contra (7 BNG e 3 PSOE).

MOCIÓNS URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓNS.-
Concluído o examen dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, o alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do pleno, por razón de urxencia, algún outro asunto non incluído na orde do día.

Non habéndose presentado ningunha urxencia que non teña cabida no apartado de rogos e preguntas, comeza a comparecencia do Sr. Alcalde segundo o escrito presentado polo Grupo Municipal do Partido Popular para dar conta sobre o realoxamento do Bao.

3125.- COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE PARA INFORMAR SOBRE O REALOXAMENTO DO BAO.- Dáse conta do escrito presentado polo PP, con data de rexistro o 26 de maio e núm. de entrada 2838, no que solicita a comparecencia do Sr. Alcalde no pleno para informar sobre varios puntos con referencia ao realoxamento do Bao:

- Novidades da Comisión do Bao. Antes de chegar a acordos, negociarase cos veciños?

- Gastos municipais desde o inicio dos realoxos que lle supuxo ao Concello de Poio, xa sexa por compras, estancias hoteis, impostos, obras melloras, demolicións, etc?

- En todos estes gastos que parte sufragou a Xunta de Galicia?

Non se plantexa o Concello de Poio, pedir marcha atrás nos realoxos pendentes de Boa Vista e Pontecaldelas e empezar de cero, debido á alarma social que se está a producir nos lugares?

- Que opinión lle merece que por unha decisión errónea, con ocultismo, tomada polo equipo de goberno do BNG-PSOE de Poio, faga que os veciños de Caritel, teñan que vender as súas propiedades para facer fronte á loita as súas decisións, noutro pobo de que non é o Alcalde?

O Sr. Alcalde comeza explicando que segundo o ROF, no artigo 104 refléxase que primeiro tería que aprobarse a comparecencia e despois na sesión seguinte, ben sexa ordinaria ou extraordinaria, comparecer ante o pleno, pero dentro dun mesmo clima e como en plenos anteriores vaise dar resposta a todo o que se pregunta.

Con respecto a primeira pregunta dicir que se están tendo reunións pero que de momento non se chegou a ningún acordo firme.

Sobre os gastos correntes ocasionados pola adquisición das vivendas, dicir que son varios e para dar datos concretos hai que pedilos á intervención, polo que se darán eses datos por escritos para que sexan un reflexo da realidade.

Se foi unha decisión errónea verase co paso dos acontecementos xa que hai dous recursos contenciosos administrativo presentados e cando se resolvan verase se foi unha decisión correcta ou non.

O Sr. Domínguez Lino di que o Sr. Alcalde non contestou á primeira pregunta e non temos nada desde o 26 de abril, non se sabe se se vai negociar cos veciños afectados e se hai novidades para evitar problemas iguais.

O Sr. Alcalde contesta que existen dúas comisións nas que están representadas todos os afectados e polo de agora non hai acordo en firme.

O Sr. Domínguez Lino pregunta sobre os gastos que están a ocasionar as vivendas, así como as obras que se realizaron no subministro de Caritel e na Comunidade de Propietarios de Boa Vista.

O Sr. Alcalde di que os usuarios pagan os gastos de auga, luz, entre outros, pero o concello é o propietario das vivendas e é o encargado de pagar, pero todos eses gastos repercuten nos arrendatarios.

O Sr. Domínguez Lino solicita unha copia da repercusión de todos os gastos.

O Sr. Domínguez Lino di que a xunta paga hoteis etc e con respecto á cuarta pregunta non se plantexan unha marcha atrás con Caritel e Boa Vista do mesmo xeito que se fixo en Monteporreiro antes de que pase algo coa alarma social que existe.

Porqué os veciños de Caritel teñen que vender as súas propiedades para loitar coas decisións adoptadas por outros concellos.

O Sr. Alcalde contesta que o xulgado do contencioso resolverá e o que non se pode facer é entrar noutras decisións que adoptan terceiros. Non se está rexeitando ningunha das decisións das comisións de estudo.

O Sr. Domínguez Lino di que hai creada unha alarma social e moita mentira sobre as pintadas e a denuncia que presentou o colectivo e polo tanto existen razóns suficientes para adoptar medidas como noutros sitios como Monteporreiro onde o PSOE e BNG non o calificaron coma un erro.

O Sr. Alcalde di que noutros debates o PP defendía a dispersión.

O Sr. Domínguez Lino contesta que dispersión si pero en consenso, sen ocultismos e co compromiso dos xitanos a integrarse na sociedade previos os estudos e accións que correspondan.

E por último pregunta, o Club de leones presentou unha solicitude de axuda económica para axudar cos gastos que ten a asociación para a entrega de alimentos que fai aos máis necesitados trimestralmente, dos que 213 familias, 52 son de Poio, por certo en Poio non existía emerxencia social como dixo no pleno anterior Xulio, pensa o equipo de goberno conceder algún tipo de axuda a esta asociación.

O Sr. Alcalde contesta que xa se está valorando con outras moitas entidades de emerxencia social e estase estudando e por agora non se denegou nunca o que se pediu, xa que aínda non se resolveu a solicitude.

Antes de rematar a sesión o Sr. Agís Gómez, quere intervir para aclarar un dato do punto anterior sobre o plan de saneamento financeiro e no referente á problemática creada coas obras da Ucha. Di que foron os veciños precisamente os que solicitaron que fose o sábado por motivos de traballo e o que é grave é acusar de malversación xa que non pagaron foron os veciños.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria xeral, dou fe.